

# CEIP O MARBÁN



CURSO 2018-2019



Remata un curso, no que te estrenache como "dire". Un curso no que, día a día, resolvías trámites administrativos, atendías chamadas telefónicas, organizabas horarios e unha longa lista de tarefas, que sempre desenvolvías cun sorriso, cunha tranquilidade e cunha empatía que te caracterizan, Marcos.

Todos os teus compañeiros che damos as grazas por ser como es e por transmitirnos tan boa enerxía positiva no noso traballo.

**MOITAS GRAZAS!**

# BENVIDOS!

## DÍA DE BENVIDA.

Arrincamos un novo curso e desta vez, decidimos facer algo diferente e entretido, para que os rapaces disfrutaran do día de volta ao cole.



Divididos en pequenos grupos tiveron que resolver unha serie de retos que a nosa mascota, Roque, lles foi plantexando. Unha vez acadados, tataron de escribir cos nosos corpos o nome da mascota no patio, isto último atenuouse complicado, pero o obxectivo de pasar unha xornada festiva dáse por cumprido.

# CANTAS SORPRESAS!

A aula dos nenos e das nenas máis pequenos do cole está chea de sorpresas e os nenos de 5º de Educación Infantil son os encargados de explicarlles aos seus novos compañeiros de aula todos os recunchos, xoguetes, normas, rutinas,...

Todos xuntos pasámolo xenial, velaquí unhas fotografías de algúns dos descubrimentos que xa fixemos, pero aínda nos quedan moitas cousas por descubrir, investigar, aprender... e sobre todo moito que disfrutar todos xuntos. Xa vos iremos contando!



# PRIMEIROS DÍAS NA AULA DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil, comezamos este novo curso cheos de ilusión e emoción.

Nos primeiros días, estivemos aprendendo as normas da nosa aula, como: "Non se be-rra", representada polo "Berro de Munch".

Ademais, tamén indagamos sobre as rutinas de aula, asemblea, traballo, recunchos, aseo, merenda, patio, traballo e xogo libre.

Seguro, que este novo curso estará cheo de sorpresas!!!!



# COMEZO DE CURSO 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Un ano máis comezamos un novo curso cheo de ilusións. Os nenos e nenas da aula de primeiro e segundo imos investigar dende a área de educación artística a vida e obra de distintos pintores e que mellor que comezar con Pablo Picasso; artista polifacético que traballou en distintos campos como a pintura, escultura, cerámica, collage...e así introducírnos pouco a pouco no apaixonante mundo da arte.

Aquí vos deixamos unhas fotos dos primeiros traballos que fixemos.

Esperamos que vos gusten!



# E NA CLASE DE 3º E 4º...




<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/REPORTAXE%201%20.pdf>

# EDUCACIÓN FÍSICA E PSICO-MOTRICIDADE

Arrincou o curso e dende a area de Educación Física e Psicomotricidade xa estamos a poñernos en forma.

Comezamos con habilidades xerais e específicas de coordinación, onde os saltos, xiros, equilibrios, cordas e zancos ocupan as nosas sesións tratando de pasalo o mellor posible.

Estes nenos son uns artistas!



## CIENCIAS NATURAIS EN 5º E 6º



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/PROY.%20NATU.%20REVIS.1.pdf>



# DÍA DA BIBLIOTECA



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/APADRI%C3%91%20DIA%20DA%20BIBLIO-ilovepdf-compressed%20%281%29.pdf>

## CONTACONTOS



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTACONTOS2%202018.pdf>

# CELEBRACIÓN DO SAMAÍN E DO MAGOSTO

Como cada ano, coa chegada do outono, dende o colexio tratamos de recuperar tradicións e conmemorar datas tan peculiares coma o Samaín, magosto e ata o halloween.

Este ano ademais das tradicionais decoracións de murais e cabzas decidimos levar a cabo unha serie de xogos tradicionais con todo o alumnado para facer unha xornada festiva que rematamos coa xa tradicional xuntanza para degustar as castañas.

Deixámosvos unha serie de fotos a modo de recordo.



## MERENDA TERRORÍFICA CON CRIS

Os nenos e as nenas de Educación Infantil tivemos a sorte de contar coa visita de Cris, que nos axudou a preparar unha merenda terrorífica. Mirade!

Esperamos que volvas axiña, MOITAS GRAZAS!



# VISITA DE EVA

Ademais tamén contamos coa visita de Eva, que nos fixo unha cabaza terrorífica a cada un de nós.

Volve axiña profe Eva, aquí te esperamos. MOITAS GRAZAS!

<https://www.youtube.com/watch?v=uaPg8y2e38A&feature=youtu.be>

# SAÍDA AO CINE

A saída deste primeiro trimestre do curso foi ao cine a Narón, onde vimos a película El Grinch.

Ademais de disfrutar xuntos da viaxe en autobús, disfrutamos tamén da película mentres comemos palomitas. Pasámolo xenial!



# VISITA DE MANOLO E MERCEDES

Manolo, médico en As Somozas, e Mercedes, médica en Cerdido, visitaron aos nenos e ás nenas de Educación Infantil, xa que ao longo deste primeiro trimestre do curso levaron a cabo un proxecto sobre o Corpo Humano: partes, funcións, órganos, músculos, ósos, alimentación saudable, bo estado emocional,...

Así estes dous médicos axudáronlles a afianzar as súas aprendizaxes sobre o corpo, ademais de invitarnos a escoitar os latexos dos nosos corazóns e do dos nosos compañeiros co fonendoscopio.

Mirade como nos auscultamos. Que divertido!!!! MOITAS GRAZAS MANOLO E MERCEDES



## DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Para a conmemoración deste día, no colexio, decidimos participar nun proxecto proposto polo CEIP Aquilino Iglesia Alvariño, de Abadín, que consistía en que cada centro elaborara un mural e un vídeo nos que se observara o rexeitamento da violencia.

Aquí vos deixamos o enlace para que vexades os distintos murais e vídeos elaborados polos colexios participantes. Os nosos traballos aparecen no minuto 10:43, aproximadamente.

<https://www.youtube.com/watch?v=jUALiCMZlv0&feature=youtu.be>

# FESTIVAL DE NADAL

O xoves pasado fixemos o festival de Nadal no colexio. Acompañáronnos as familias e disfrutamos xuntos dunha tarde moi divertida, na que os nenos e as nenas cantaron, bailaron, interpretaron obras de teatro...

Aquí vos deixamos este vídeo para que vexades o ben que o fixeron os nosos pequenos grandes ARTISTAS.

Esperamos que vos guste e FELICES FESTAS!!!!

<https://www.youtube.com/watch?v=Ae3h4i86vdM&feature=youtu.be>

## VISITA DA SEÑORA ANTONIA

O pasado 21 de decembro contamos, outra vez, coa visita de Carmen.

Desta volta viña acompañada da Señora Antonia que din que é unha meiga. Será polo seu aspecto? Nariz afiada, verruga na cara, sombreiro picudo... Ou polos seus amigos? Bandidos, morcegos, pantasmas,...

A través de 5 historias, a Señora Antonia achegounos a un mundo de terror que, xunto co humor e o amor, nolo fixeron pasar moi ben.

Aquí vos deixamos algunhas fotografías dos amigos que nos presentou esta meiga tan simpática.



# VISITA DE MALIBÚ

Onte no cole contamos cunha visita moi especial: Malibú, que viña acompañada de Adriana, quen nos falou dos coidados que necesita un can e do importante que é ser conscientes disto cando nos dispoñemos a ter un can na casa.

Ademais tamén nos comentou que, hoxe en día, están sendo abandonados moitos cans e nós podemos axudalos chamando ao 112 e máis adoptándoos.

Nas fotografías podedes ver o cariño que nos amosou Malibú e o atentos que estivemos a todo o que nos contou Adriana.

Sen dúbida, unha visita que nos fixo reflexionar a todos e que nos deixou moi claro que un can NON é un regalo...



## DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/D%C3%ADa%20da%20Paz.pdf>

# DÍA DE SAN VALENTÍN



[http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/San%20Valent%C3%ADn\\_0.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/San%20Valent%C3%ADn_0.pdf)

## 24 de Febreiro: DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Para celebrar este día, os nenos e as nenas do CEIP O Marbán realizamos este vídeo.  
Para isto cada aula escribiu unha inxustiza e un verso de Rosalía de Castro.

[https://www.youtube.com/watch?v=25Gsc\\_pjoSg&feature=youtu.be](https://www.youtube.com/watch?v=25Gsc_pjoSg&feature=youtu.be)

# ENTROIDO

Como xa sabedes, este curso, decantámonos polos deportes olímpicos, pero antes tivemos que seguir as ordes do MECO... Moitas grazas, FAMILIAS, por axudarnos a cumprilas e por acompañarnos nesta celebración.



<https://www.youtube.com/watch?v=Bph3cr-cL6w&feature=youtu.be>

# THE TOWN

Os nenos e as nenas de 3º e 4º de Educación Primaria estiveron a investigar sobre a cidade coa teacher Ana e velaquí que cidade tan especial crearon... ENCANTANOS!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/THE%20TOWN.pdf>



# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O pasado venres, 8 de Marzo, conmemoramos o Día Internacional da Muller. Para iso, todas as aulas do colexio, decoramos unhas tarxetas e escribimos unhas palabras bonitas ás mulleres máis importantes no noso día a día.

Velaquí como puxemos todo da nosa parte para que quedaran moi moi bonitas.



## CHARLA SOBRE "ECONOMÍA CIRCULAR"

Con esta charla aprendemos que, para preservar o medio ambiente, non abonda con reducir, reutilizar e reciclar, senón que, ademais, temos que afrontar unha economía que funcione preservando as materias primas e premiando todas aquelas medidas que coïden o noso contorno.

Ademais ampliamos o noso vocabulario... Unha das palabras novas adquiridas foi "obsolescencia".



# DÍA DA POESÍA

O xoves pasado, 21 de marzo, celebramos o Día da Poesía.

Fixémolo dunha maneira moi especial: cada un de nós debía escribir, en segredo, unha poesía ao compañeiro ou mestre que lle tocara e a cambio recibía un marcapáxinas.

Foi moi emocionante descubrir aquel día quen era a persoa que debía recibir o noso marcapáxinas, é dicir, quen era a persoa que nos escribira a poesía.

Velaquí algunhas fotografías. Queremos que disfrutedes destes momentos tan emotivos pinchando en cada unha destas imaxes.

Esperamos que vos gusten!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/POES%C3%8DA%2019%20PREPAR.-1-10.pdf>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/POES%C3%8DA%2019%20PREPAR.-11-22.pdf>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/POES%C3%8DA%2019%20PREPAR.-23-32.pdf>

# SEMANA DA PRENSA

Con motivo da conmemoración da Semana da Prensa, nas nosas aulas estivemos a investigar sobre esta temática: observando, manipulando, xogando,... cos xornais, tanto en formato papel como en formato dixital.

Aquí vos deixamos algunhas fotografías do que fixemos nas aulas de Educación Infantil.

E adiantámosvos que estamos preparando unha sorpresa sobre esta temática... Estade atentos que a estamos "cociñando"!



## ELABORACIÓN DE UN TANGRAM

Os nenos e as nenas de 5º e 6º de Educación Primaria estiveron aprendendo moito sobre diversas figuras xeométricas e decidiron elaborar, cada un, o seu tangram.

Unha vez que os tiñan elaborados quixeron ensinárllelos aos nenos e as nenas de Educación Infantil e, todos xuntos, pasárono xenial: facendo diversas figuras, letras, números,... e, incluso, nomes dos mestres e dos compañeiros.

MOITAS GRAZAS!



# DON QUIJOTE!

No colexio estamos a preparar a conmemoración da Semana do Libro. Por iso, Mateo e os seus compañeiros de clase, quixeron compartir cos nenos e coas nenas de Educación Infantil un momento moi especial: a lectura dun conto sobre a vida de Don Quijote de la Mancha.

Algúns xa o coñecíamos, pero entusiásmounos que nolo viñeran a ler. MOITAS GRAZAS!



# HOME SWEET HOME

Os nenos e as nenas de 1º e 2º de Educación Primaria, en inglés, estiveron investigando sobre as partes da casa, as súas estancias e os obxectos que podemos atopar nelas.

Para axudarlles na adquisición deste vocabulario en inglés elaboraron esta casa que observades na imaxe. No enlace, poderedes ver como levaron a cabo esta tarefa. Quedou moi ben. Noraboa rapaces e rapazas!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/HOME%20SWEET%20HOME-convertido.pdf>

# VISITA DE ALFONSO, O PAI DE ÁLEX!

O venres pasado, Alfonso, pai de Alex de 5º de EP, visitou a nosa biblioteca para presentarnos os libros de poesía que acaba de publicar.

Se picades nesta imaxe poderedes ver máis fotografías deste momento tan emotivo, no que compartiu con nós algunhas das súas poesías. MOITAS GRAZAS ALFONSO 😊



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/VISITA%20DE%20ALFONSO.pdf>

## OVOS DE PASCUA

Antes das vacacións de Semana Santa, a nosa mascota, Roque, púxose en contacto con nós para que, xuntos, investigáramos o porque se regalan ovos de Pascua nestas datas.

Se picades nesta imaxe observaredes o que fixemos para buscar a resposta a esta pregunta e máis a sorpresa final que nos tiña preparada Roque... ENCANTOUNOS! Moitas grazas!!!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/OS%20OVOS%20DE%20PASCUA.pdf>

# APADRIÑAMENTOS

Durante a Semana do Libro levamos a cabo diferentes actividades, así como previa e posteriormente, tal e como vos imos amosando por aquí.

Unha das actividades posteriores foi esta que podedes observar picando nestas imaxes: os apadriñamentos.

Desta volta foi con sorpresa incluída, pois os afillados tamén lían un conto aos padriños e ás madriñas.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/APADRI%C3%91AMENTOS%20ABRIL-1-2.pdf>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/APADRI%C3%91AMENTOS%20ABRIL-3-5.pdf>



# ENTREVISTA A LUCÍA

Xa vos comentamos que, cada aula, levou a cabo un traballo de investigación e recollida de datos para elaborar a sección que lle tocara no xornal.

Aquí vos deixamos a entrevista que fixeron os nenos e as nenas de 4º e 5º de Educación Infantil a Lucía, responsable das actividades que se levan a cabo no pavillón.

MOITAS GRAZAS LUCÍA!!!!

<https://www.youtube.com/watch?v=V1EJg80SzO0&feature=youtu.be>

## OCEAN LIFE

Os nenos e as nenas de 5º e 6º de Educación Primaria, en inglés, coa profe Ana, estiveron a investigar sobre o mar e aprenderon vocabulario relativo a esta temática, dun xeito lúdico.

Picade nesta imaxe e xa veredes!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/OCEAN%20LIFE.pdf>